

Texto publicado no suplemento *Nordesía* do *Diario de Ferrol* o día 22 de xullo de 2007.-

## **Apuntes da Croacia**

A costa toda de Croacia acolle unha abraiante colección de estilos arquitectónicos de épocas diferentes. **Pula** é a cidade máis importante da península de Istria, fundada polos argonautas e mencionada na *Divina comedia*. Ten un Templo de Augusto en perfecto estado de conservación, unha Casa do Concello renacentista construída sobre un antigo Templo de Diana, e un anfiteatro romano que por dentro está baleiro porque polo visto os venecianos desmontaron as gradas porque pretendían levar o monumento enteiro para Venecia!

A pouca distancia de Pula atópase a vila de **Rovinj**, unha fermosura levantada nunha península coroada por unha catedral que sobresaie por riba das casas. Outro lugar que paga a pena visitar é a illa de **Krk**, propiedade no Medievo da familia Frankopani, tan entregada á preservación das tradicións croatas que a illa chegou a gozar dunha certa autonomía a pesares das continuas guerras contra o Imperio Otomán e contra Venecia. A paisaxe resulta curiosa: a costa oriental é dunha aridez que abafa mentres que a occidental é un estoupido de piñeiros e figueiras. No sur da illa atópase **Baška**, unha aldea onde se descubriu unha estela de pedra cunha inscrición en letras glacólíticas, orixe do alfabeto cirílico e primeira manifestación escrita da lingua croata, que tivo unha tradición oral até o Renacemento, momento en que a cidade de Dubrovnik se converteu nun importante centro literario ao longo de varios séculos grazas á publicación da primeira gramática. Xa no século XIX a capital, Zagreb, asistiu á fundación da Universidade Croata e a *Matica Hrvatska*, algo semellante ao noso Consello da

Cultura, que foron os dous motores que deron pulo ao sentimento independentista de Croacia, que acadou o seu cénit no ano mil novecentos noventa e un, cando por iniciativa do presidente Franjo Tudjman, os croatas decidiron nun referendo que querían abandonar a Federación Iugoslava. Pero as autoridades serbias de Belgrado, non dispostas a permitir ningunha caste de secesión, comezaron unha guerra que se estendeu ao longo de cinco terroríficos anos. “(...) *nas tebras de Vukovar (...) / debaixo das ruínas da cidade que suplanta / ao milagre / os cabelos grises gardan os tesouros (...) dos seus Mortos*”, escribiu o poeta Vlado Gotovac no seu libro *Most* (A ponte) en honra dos habitantes de **Vukovar**, a cidade máis castigada no conflito.

A cidade de **Zadar** está construída arredor da súa catedral de estilo veneciano nunha lingua de terra que transcorre paralela á costa. Moi preto dela está a vila de **Trogir**, declarada Patrimonio da Humanidade, que ten unha catedral á que se entra por un pórtico románico do escultor local Radovan, e ten unha capela que se chama das cento sesenta testas porque está toda decorada con cabezas de mármore.

A cidade medieval de **Split** está integramente construída dentro dos muros do pazo de Diocleciano (a catedral é o seu mausoleo) e ten unha fermosura que contrasta coa súa parte nova, un caótico conxunto de construcións de estilo socialista, bloques e máis bloques en tonalidades grisallas.

Mais a xoia do adriático é, sen dúbida algunha, **Dubrovnik**, capital da antiga República de Ragusa, agachada entre inmensas montañas coma se da perla dunha ostra se tratase, e construída dentro do perímetro dunhas murallas que transcorren a pé mesmo dos acantilados. Rodeada de calexos estreitos e empinados, a rúa de *Placa* está coroada pola fonte de Onofrio, que ten dezaseis

testas a cuspir auga, por un convento franciscano que aloxa a farmacia máis antiga de Europa, por un reloxo con dúas estatuíñas de bronce que golpean nun sino para daren as horas, e pola Columna de Rolando, un dos emblemas da cidade, que representa a un cabaleiro que porta unha espada. Ao longo de moitos anos o seu antebrazo servía de unidade de medida para os comerciantes locais baixo o nome de “cóbado de Dubrovnik”.

A cidade ficou practicamente destruída na noite do once de decembro do noventa e un por mor dunha auténtica chuvía de mísiles e granadas que case a deixaron arrasada. Quizais conveña lembrar neste punto o lema da antiga República de Ragusa: “*Non bene pro toto libertas renditur auro*” (Nin por todo o ouro do mundo pode venderse a propia liberdade).

Pero antes de despedirse de Croacia debe o viaxeiro desprazarse até a súa capital, **Zagreb**, unha cidade ateigada de vida, feliz e carente de ostentacións. O barrio de Kaptol, na súa parte alta, que antes dun pavoroso incendio albergaba a antiga vila medieval, acolle agora a catedral e as máis importantes institucións do Goberno Croata. Na cidade baixa, á outra beira da rúa *Illica*, a arteria principal, con seis quilómetros de lonxitude, o Teatro e a Biblioteca Nacionais aportan unha nota de cor a unha paisaxe chea de grandes espazos verdes para o lecer.

Resulta difícil tirar da mente a guerra cando se cruza o país, polo que só queda esperar que Croacia poida seguir escribindo a súa historia sen que ninguén a moleste, que ben que o merece.

©Xesús Constela Doce, 2007